"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0693 [RESOLUCION DA ALCALDIA CONVOCATORIA XGL 22-10-18]";"19/10/18 14:30";"200 Secretaría -- Expediente 52/2018 -- Múltiples interesados -- Convocatoria Xunta Goberno Local --";"52/2018";"Convocatoria da Xunta de Goberno local";"subscripcións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0692 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Celia Beatriz



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

García Fioretti];"18/10/18 13:05";"SIA 1497631 -- Expediente 1278/2018 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"1278/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0691 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Estefanía Victoria Gonzalez Hernandez];"18/10/18 13:02";"SIA 1497631 -- Expediente 1276/2018 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"1276/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0690 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Miguel Angel Fedeira Ponce];"18/10/18 12:57";"SIA 1497631 -- Expediente 1278/2018 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --";"1278/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0689 [RESOLUCION DA ALCALDIA];"18/10/18 12:53";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 1163/2018 -- S1511001H Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, S1511001H Xunta de Galicia -- ACONDICIONAMENTO TÉRMICO EN PAVILLÓN DEPORTIVO DE DENA --";"1163/2018";"Procedemento de Contratación";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0688 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio de Fatima Chatoine];"18/10/18 10:49";"SIA 1497615 -- Expediente 1280/2018 -- Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio --";"1280/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0687 [RESOLUCION DE CONCESION];"18/10/18 9:05";"SIA 1497441 -- 200 Secretaría -- Expediente 1277/2018 -- Múltiples interesados -- Licenzas urbanísticas mes de outubro 2018 --";"1277/2018";"Licenzas Urbanísticas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0686 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA];"17/10/18 10:00";"APROBACION DO PROXECTO DA OBRA ACONDICIONAMENTO TERMICI EN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE COIRÓN DENA";"1163/2018";"Procedemento de Contratación";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0685 [RESOLUCION DA ALCALDIA CONVOCATORIA XGL 17-10-18];"16/10/18 13:06";"Convocatoria Xunta Goberno Local 17-10-18";"52/2018";"Convocatoria da Xunta de Goberno local";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0684 [RESOLUCION DA ALCALDÍA];"16/10/18 10:09";"CONTRATACIÓN DA OBRA ""SINALIZACIÓN TURÍSTICA DE BENVIDA AO CONCELLO DE MEAÑO""";"1244/2018";"Procedemento de Contratación";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0683 [RESOLUCION DA ALCALDIA];"15/10/18 20:01";"CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN DO 4º PLAN DE IGULADADE MUNICIPAL ""SEMPREIGUAIS"" 2018-2013";"315/2018";"Procedemento Xenérico por Concorrenncia Competitiva";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0682 [RESOLUCIÓN PRORROGA CONTRATACIÓN AUXILIAR POLICIA LOCAL];"15/10/18 14:35";"SIA 1490776 -- 200 Secretaría -- Expediente 161/2018 -- Múltiples interesados -- CONVENIO DE DELEGACION DE COMPETENCIAS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA --";"161/2018";"Procedemento Xenérico";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0681 [CONTRATACIÓN MESTRES MÚSICA POR BAIXA LUCIA VERDE LAREU];"15/10/18 14:34";"SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 903/2018 -- Múltiples interesados -- Selección de persoal escola música, Plan madrugada - aula acollida, limpadores/as, monitores actividades, Escola Infantil --";"903/2018";"Selección de Persoal e Provisión de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0680 [Resolución José Fandiño Sineiro.];"11/10/18 15:00";"Por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares. José Fandiño Sineiro. 78-489."; "1264/2018";"Sancionador Ambiental e de Actividades";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0679 [Resolución de pagos de outubro];"11/10/18 10:20";"301 Facturas - Contabilidade -- Expediente 60/2018 -- A70302039 ABANCA -- EXPEDIENTE DE PAGOS --";"60/2018";"Autorización del Gasto";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0678 [RESOLUCION DA ALCALDÍA];"10/10/18 16:18";"301 Facturas - Contabilidade -- Expediente 60/2018 -- RECOÑECIMENTO OBRIGA E ORDENACION DO PAGO PROGRAMA DE PREVENCIÓN VIOLENCIA DE XÉNERO--";"60/2018";"Autorización del Gasto";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0677 [Resolución Mª Jesús Ouron Gómez];"10/10/18 12:42";"Por incumprimento da ordenanza de limpeza de terreos e solares. Mª Jesús Ouron Gómez. 38-50."; "1262/2018";"Sancionador Ambiental e de Actividades";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0676 [RESOLUCION DA ALCALDIA];"10/10/18 10:39";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 1252/2018 -- CONTRATO MENOR ELABORACIÓN RELACION DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MEAÑO --";"1252/2018";"Procedemento de Contratación";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0675 [PERMISO ASUNTOS PARTICULARES SUSANA VILAS CHARLIN];"10/10/18 9:30";"SIA 1497412 -- 230 Personal -- Expediente 205/2018 -- Múltiples interesados --

N.I.F.: P-36-02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

LICENZAS E PERMISOS DO PERSOAL ANO 2018 --;"205/2018";"Licenzas e Permisos en Materia de Persoal";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0674 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Odilia Estonlle Obregón];"9/10/18 15:42";"SIA 1497631 -- Expediente 1257/2018 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;"1257/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0673 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Jose Alberto Gomez Luis];"9/10/18 15:42";"SIA 1497631 -- Expediente 1257/2018 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;"1257/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0672 [VACACIONES MARTA CORES SANTOS];"9/10/18 11:00";"SIA 1497413 -- 230 Personal -- Expediente 204/2018 -- Múltiples interesados -- VACACIONES ANO 2018 --;"204/2018";"Vacacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0671 [VACACIONES MARIA OTERO VALLADARES];"9/10/18 11:00";"SIA 1497413 -- 230 Personal -- Expediente 204/2018 -- Múltiples interesados -- VACACIONES ANO 2018 --;"204/2018";"Vacacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0670 [VACACIONES MANUEL CHANTADA CONDE];"9/10/18 10:26";"SIA 1497413 -- 230 Personal -- Expediente 204/2018 -- Múltiples interesados -- VACACIONES ANO 2018 --;"204/2018";"Vacacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0669 [PERMISO ASUNTOS PARTICULARES ANDREA REBOIRAS BARREIRO];"9/10/18 10:03";"SIA 1497412 -- 230 Personal -- Expediente 205/2018 -- Múltiples interesados -- LICENZAS E PERMISOS DO PERSOAL ANO 2018 --;"205/2018";"Licenzas e Permisos en Materia de Persoal";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0668 [ASUNTOS PARTICULARES BERTA BUEZAS DOMINGUEZ];"9/10/18 9:38";"SIA 1497412 -- 230 Personal -- Expediente 205/2018 -- Múltiples interesados -- LICENZAS E PERMISOS DO PERSOAL ANO 2018 --;"205/2018";"Licenzas e Permisos en Materia de Persoal";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0667 [ASUNTOS PARTICULARES JOSE CALIXTO DOZO VARELA];"9/10/18 9:19";"SIA 1497412 -- 230 Personal -- Expediente 205/2018 -- Múltiples interesados -- LICENZAS E PERMISOS DO PERSOAL ANO 2018 --;"205/2018";"Licenzas e Permisos en Materia de Persoal";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0666 [VACACIONES MARIA HERMINIA FERNANDEZ FERNANDEZ];"9/10/18 9:17";"SIA 1497413 -- 230 Personal -- Expediente 204/2018 -- Múltiples interesados -- VACACIONES ANO 2018 --;"204/2018";"Vacacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0665 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes de Jose Arlindo Da Silva Vieira];"9/10/18 9:16";"SIA 1497631 -- Expediente 1253/2018 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;"1253/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0664 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio de Ricardo Fandiño Vidal];"9/10/18 9:16";"SIA 1497615 -- Expediente 1258/2018 -- Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio --;"1258/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0663 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes Silvia Leiro Magdalena];"9/10/18 9:15";"SIA 1497631 -- Expediente 1259/2018 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes --;"1259/2018";"Padrón Municipal de Habitantes (Alta ou Renovación)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0662 [VACACIONES SANDRA MUÑIZ SALGUEIRO];"9/10/18 9:14";"SIA 1497413 -- 230 Personal -- Expediente 204/2018 -- Múltiples interesados -- VACACIONES ANO 2018 --;"204/2018";"Vacacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0661 [VACACIONES JOSE GONZÁLEZ ROMA];"9/10/18 9:14";"SIA 1497413 -- 230 Personal -- Expediente 204/2018 -- Múltiples interesados -- VACACIONES ANO 2018 --;"204/2018";"Vacacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0660 [VACACIONES CARMEN BALBOA LORES];"9/10/18 8:28";"SIA 1497413 -- 230 Personal -- Expediente 204/2018 -- Múltiples interesados -- VACACIONES ANO 2018 --;"204/2018";"Vacacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2018-0659 [RESOLUCION DA ALCALDIA];"8/10/18 10:09";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 1244/2018 -- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SINALIZACIÓN TURÍSTICA DE BENVIDA CONCELLO DE MEAÑO --;"1244/2018";"Procedemento de Contratación";"subscricións completa"

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 8 de outubro e o día 7 de decembro de 2018.

FORA DO ORDE DO DÍA



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Rematado o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas a Sra. García Fernández e o Sr. Ásperez Montes manifestan que desexan someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia as seguintes MOCIÓNS

- MOCIÓN URXENTE PRESENTADA POR D. JOSÉ M. ÁSPEZ MONTES, COMO VOCEIRO DA AGRUPACIÓN DE ELECTORES MEAÑO INDEPENDENTE, E D^a ICIA GARCÍA FENÁNDEZ, COMO VOCEIRA DO PSdeG-PSOE, SOBRE A CONSOLIDACIÓN DO POSTO DE CONSERXE E A REPARACIÓN DO TELLADO DO CEIP AS COVAS (MEAÑO).

- MOCIÓN URXENTE PRESENTADA POR D. JOSÉ M. ÁSPEZ MONTES, COMO VOCEIRO DA AGRUPACIÓN DE ELECTORES MEAÑO INDEPENDENTE, E D^a ICIA GARCÍA FENÁNDEZ, COMO VOCEIRA DO PSdeG-PSOE, EN RELACIÓN CO PROXECTO DE REMODELACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE DOS VIARIOS MUNICIPAIS DO ENTORNO DOS CENTROS EDUCATIVOS DE DENA.

MOCIÓN PRESENTADA POR D. JOSÉ M. ÁSPEZ MONTES, COMO VOCEIRO DA AGRUPACIÓN DE ELECTORES MEAÑO INDEPENDENTE, E D^a ICIA GARCÍA FENÁNDEZ, COMO VOCEIRA DO PSdeG-PSOE, SOBRE A CONSOLIDACIÓN DO POSTO DE CONSERXE E A REPARACIÓN DO TELLADO DO CEIP AS COVAS (MEAÑO).

Dáse conta do contido da moción:

D^o JOSE M ASPEREZ MONTES como portavoz da Agrupación de Electores de Meaño Independiente e D^a ICIA GARCIA FERNANDEZ, como portavoz do Partido Socialista de Meaño, EXPOÑEMOS:

-Que tras o malestar amosado polos representantes de nais e pais do colexio de As Covas (Meaño) polo desconcerto creado sobre o posto de conserxe que esta a desempeñar este servizo no citado colexio, con data de remate de contrato o día 31 de decembro de 2018 e sen continuidade prevista nin notificada por parte da Alcaldesa

-Que despois de varias demandas para solucionar os problemas de filtracións de auga a causa do mal estado do Tellado do colexio

MANIFESTAMOS:

Que tras a presentación dos escritos da ANPA de Meaño reclamando a consolidación do posto de conserxe e o arranxo do tellado do colexio, e considerando ambas reivindicacións como vitais para a mellora do funcionamento do colexio, e por ende para a educación dos nosos fillos.

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:

Se someta a votación a petición e solicitude de:

**Instar ó grupo de goberno tomar as medidas necesarias para implantar de maneira definitiva e consolidar o posto de conserxe no colexio CEIP As Covas de Meaño.*

**Instar a partida correspondente para a reparación do tellado do citado colexio , tal e como demanda a asociación de nais e pais do colexio.*

Sometida a urxencia desta moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por sete votos a favor (Sras/es Ásperez Montes, Rial Lastres, Varela Budelo, Prado González, García Fenández, Radío Oubiña e Tilve Castro), cinco abstencións (Sras/es Ucha Varela, Gondar Pintos, Méndez Lázaro, González Dopazo e Lima Prado) e un voto en contra da Sra. Pérez Gándara, acorda a súa procedencia, polo que se somete a debate.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que a ANPA e o equipo directivo



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

do CEIP As Covas doulles traslado destas peticións e solicitaron que nos fixeramos eco destas demandas ao non acadar resposta por parte do Concello, engadindo que o arranxo do tellado é unha obra necesaria e en relación co conserxe non sabe que vai a pasar a partir do día 31 de decembro.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que non é de recibo que se teña que traer una moción por urxencia para arranxar o colexio de Meaño e a solución adoptada para dotar a este colexio de conserxe foi un parche.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. González Dopazo, quen sinala que non é certo que a comunidade escolar e particularmente o equipo directivo non teña unha resposta por parte do Concello a esta demandas; coñecen que non se vai a negar que dispoñan de conserxe pero o que pretenden é manter a mesma persoa o que non resulta posible e en canto ao tellado non require unha reparación senón un novo.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que adquiriu o compromiso de que o CEIP As Covas ía dispoñer de conserxe e vaino ter pero agora a demanda vai máis ala, que sexa a mesma persoa que veu realizando este servizo nos meses pasados e eso non é posible nin legalmente nin é quen o centro de determinar a persoa que vai a realizar estas funcións. Engade que ao Concello correspóndelle ter unha persoa de vixilancia e realizar a limpeza e mantemento do centro, funcións que se veñen realizando. En canto ao tellado sabe o director que non é un problema de mantemento, xa se reparou en diversas ocasións e os problemas volven a xurdir ao longo de toda a cuberta, senón de que a vida útil da cuberta está agotada polo que o que precisa é un cambio de cuberta, intervención que non lle corresponde ao Concello. A este respecto, sinala, que xa se mantivo unha reunión co xefe territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e quedouse en darlle traslado destas demandas formalmente.

Rematas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor (Sras/es Ásperez Montes, Rial Lastres, Varela Budelo, Prado González, García Fenández, Radio Oubiña e Tilve Castro), seis en contra (Sras/es Ucha Varela, Gondar Pintos, Méndez Lázaro, González Dopazo, Pérez Méndez e Lima Prado), acorda:

1º.- Instar ó grupo de goberno tomar as medidas necesarias para implantar de maneira definitiva e consolidar o posto de conserxe no colexio CEIP As Covas de Meaño.

2º.-Instar a partida correspondente para a reparación do tellado do citado colexio, tal e como demanda a asociación de nais e pais do colexio.

- MOCIÓN URXENTE PRESENTADA POR D. JOSÉ M. ÁSPEZ MONTES, COMO VOCEIRO DA AGRUPACIÓN DE ELECTORES MEAÑO INDEPENDENTE, E Dª ICIA GARCÍA FENÁNDEZ, COMO VOCEIRA DO PSdeG-PSOE, EN RELACIÓN CO PROXECTO DE REMODELACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE DOS VIARIOS MUNICIPAIS DO ENTORNO DOS CENTROS EDUCATIVOS DE DENA

Dáse conta do contido da moción:

Dº JOSE M ASPEREZ MONTES como portavoz da Agrupación de Electores de Meaño Independiente e Dª ICIA GARCIA FERNANDEZ, como portavoz do Partido Socialista de Meaño



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

EXPOÑEMOS:

-Que tras as numerosas queixas e malestar que están a amosar os veciños e veciñas do Concello e en particular da parroquia de Dena, materializada na recollida de case 700 firmas en contra do proxecto denominado " **REMODELACIÓN E MELLORA DE SEGURIDADE DOS VIARIOS MUNICIPAIS DO ENTORNO DOS CENTROS EDUCATIVOS DE DENA**"

-A falta de información por parte da Alcaldesa, tanto con esta corporación, coma cos veciños do Concello e en particular dos usuarios dos servizos existentes nesta Rúa de Dena (CEIP, Instituto, dúas garderías, pavillón de deportes, campo de fútbol)

-O ocultismo que ata agora ven mostrando respecto deste proxecto, non contando con ningún dos colectivos afectados para realizar este proxecto (ANPAS, veciños da rúa, usuarios das garderías, colexios...) e incluso sen informe da Policía Local respecto da viabilidade viaria do proxecto.

MANIFESTAMOS:

Que a nosa desconformidade có proxecto de remodelación da rúa dos colexios de Dena, tal e como se contempla na súa probación e sinatura de convenio definitivo, xa que ó consideramos incompleto e que non aportará as solucións e benestar que una obra deste calibre debería darlle os veciños e usuarios.

Por todo ó anterior presentamos a seguinte

MOCIÓN:

Se someta a votación e petición e solicitude de:

***Esixir ó grupo de goberno a paralización da citada obra mentres non se teñan en conta as modificacións que nela se deben realizar, previo consenso cós representantes de usuarios e grupos da oposición.**

Sometida a urxencia desta moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación por sete votos a favor (Sras/es Ásperez Montes, Rial Lastres, Varela Budelo, Prado González, García Fernández, Radio Oubiña, Tilve Castro e Méndez Lázaro), cinco en contra (Sras/es Ucha Varela, Gondar Pintos, González Dopazo, Pérez Méndez e Lima Prado), acorda a súa procedencia, polo que se somete a debate.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen solicita a palabra para a representante veciñal Raquel Padín. Contestando a Sra. alcaldesa que lle concedería turno despois de escoitar aos voceiros dos grupos municipais.

Toma de novo a palabra a Sra. García Fernández, quen sinala que este tema xurdiu en setembro e faláron coa ANPA que lle expuxo o seu malestar con este proxecto. A cuestión é que se están eliminando prazas de aparcamento sen dar alternativas nin solución ao descontrol que existe do tráfico e solicita que se teñan en conta os colectivos sociais afectados.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que na sesión de outubro preguntara si se consultara coas asociacións, veciños e equipos directivos dos centros escolares e a alcaldesa contestou que se falara cos equipos directivos. Engade que se trata dun proxecto de gran calado que vai deixar unha zona, na que se concentran actividades comerciais e diversos equipamentos públicos, coxa e colapsada; só se poderá acceder a esta zona desde a estrada comarcal, pasando de beirarrúas de 2,5 m a 1,5 metros de ancho, unha rotonda ao final do percorrido de dubidosa seguridade, elimínanse prazas de aparcamento sen alternativa, en definitiva elaborase un proxecto que plantexa solucións que derivaran en máis caos, foi un proxecto quitado para diante sen contar cos veciños; un proxecto deste calibre non pode quedar así coxo, podería defenderse pero con matices.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra a representante veciñal D^a Raquel Padín, quen manifesta que quere matizar que a día de hoxe conta con 925 sinaturas que reflexan o malestar dos veciños a este proxecto, ben porque se votan de menos alternativas ás prazas de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

aparcamento que desaparecen ou por eliminar o acceso desde Seixiños. Con este proxecto perderíanse máis da metade das prazas de aparcamento e derivarase todo tráfico de entrada aos colexios pola rúa que entronca coa estrada comarcal cun embudo ao final o que ocasionará un caos nas horas punta co conseguinte prexuízo para os residentes e pode supoñer a morte de moitos negocios. Engade que estas cuestións son importantes polo que se tiña que expoñer e sometelo a votación porque as 925 sinaturas están ahí e tal vez os veciños prefiran manter e dispoñer das prazas de aparcamento fronte a dispoñer de beirarrúas máis anchas.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que a parte do que se expuxo está de acordo en que as beirarrúas anchas gustánlle a todos pero hai algo máis grave que é que a única entrada sexa desde a estrada comarcal e que se elimine a entrada desde Sexiños.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que desde fai anos se ven demandando por parte da ANPA e dos equipos directivos melloras na seguridade viaria desta zona, conscientes do problema foronse adoptando melloras puntuais que non deron froito. Coa convocatoria por parte da Deputación Provincial do Plan Depo-Remse, que afecta a proxectos que inclúan unha actuación integrada de mellora de mobilidade e de seguridade viaria nas vías e espazos públicos de titularidade municipal na contorna dos centros socio sanitarios-culturais, centros de ensino, ou polígonos industriais, foi cando se empezou a traballar neste proxecto coa intención de mollorar a situación. Este proxecto tiña que redactarse segundo o protocolo recollido no Plan Depo-Remse, cumprindo a normativa en materia de estradas e de seguridade viaria e dándolle prioridade aos peóns e con eso eramos conscientes de que se ían a perder prazas de aparcamento, pasando das actuais 53 prazas a 27. En canto ao esquinazo, sinala que todos sabemos porqué está ahí porque nunca o Concello chegou a acordo cos propietarios; plantexar unha expropiación era inviable levala a cabo porque o prazo de solicitude deste proxecto e a acreditación da dispoñibilidade dos terreos era de dous meses. Engade que están a buscar solucións para acadar espazos para aparcamento e tamén para solucionar unha mala costume de parar en dobre fila mentras se deixa ao neno na garcería que da a rúa de acceso, mediante creación duha praza de mobilidade con tempo; en definitiva creen que é un bo proxecto tanto pola solución adoptada porque actualmente existe perigo para as/os nenas/os e nais/país como técnicamente, de feito Deputación aprobouno e concedeu a subvención; polo que se pode seguir a diante e buscar solucións para acadar un espazo para aparcamento ou deixalo no caixón.

Pregunta a Sra. García Fernández, si pode o grupo de goberno adopar un compromiso cun tope máximo de tempo para aportarlle solucións aos veciños, especialmente ao problema plantexado co aparcamento?

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, quen sinala que non é só o problema do aparcamento sinón tamén o embudo que se xera tanto na entrada como na saída. Engade que estamos ante unha situación similar a fai un ano co saneamento de Lores, non se buscaron alternativas porque se perdía a subvención e mellor que se perdera porque non se dou servizo a tódalas vivendas afectadas e o custos económico do mantemento deste servizo.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que os técnicos que están a redactar o plan de mobilidade lle manifestaron que cando viron este proxecto non o creían. Engade que este proxecto non se pode votar porque o que resultará será un embudo.

Toma a palabra o Sr. Tilve Castro quen sinala que votará en contra do proxecto porque hai falta de cabida, sobre todo, donde paran os autobuses, porque o circuito que fai a rotonda vai



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

a supoñer un perigo e provoca unha deriba hacia o camiño que ven ao centro médico e os nenos van andando por el.

Rematas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor (Sras/es Ásperez Montes, Rial Lastres, Varela Budelo, Prado González, García Fernández, Radío Oubiña, Tilve Castro e Méndez Lázaro), cinco abstencións (Sras/es Ucha Varela, Gondar Pintos, González Dopazo, Pérez Méndez e Lima Prado), acorda esixir ó grupo de goberno a paralización da citada obra mentres non se teñan en conta as modificacións que nela se deben realizar, previo consenso cós representantes de usuarios e grupos da oposición.

9.º ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas, formulándose as seguintes:

*** Sra. García Fernández:**

ROGOS:

1. Solicitamos que se faga unha limpeza exhaustiva das cunetas, posto que coa caída das follas do outono e as posteriores choivas, estanse creando topes que fan que a auga revose.
2. Rogámos que se estableza como zona amarilla a baixada hacia o Río da Vila, posto que ao aparcas os coches nos arredores máis próximos do cruce, créanse puntos cegos que dificultan a visión dos conductores

PREGUNTAS:

1. Qué opinan sobre que o Pavillón de Xil xa teña filtracións antes de ser inaugurado? Que é o que van facer ao respecto?
2. Cómo seguen as negociacións sobre o aparcamento da Praza de Dena, con Manuel Fernández, Bartolo? Qué actuacións se están a seguir?
3. No pleno do 13 de febreiro do 2013 por unanimidade dos seus membros, aprobouse a creación de unha ordenanza para regular os furanchos no nos concellos. Por qué aínda non se realizou? Recórdolles que os acordos plenarios son vinculantes.
4. Pavillón de Coirón: En qué se basan para decantarse por este sistema? Xa se probou se funciona?
5. En qué consiste o informe que lle solicitaron á Deputación de Pontevedra? Parece ser que, como advertimos en pasados plenos, o terreo non era o máis adecuado para a realización de estas obras...
6. A policía local está revisando as obras de muros que se están efectuando no Concello? Parece ser que algunha non está a cumprir cos metros de retranqueo.
7. Qué cambios legais hubo para que agora sí se queira crear a RPT e non cando o solicitamos nos?

Contesta a Sra. Alcaldesa, en relación a filtración do pavillón de Xil que se produce pola bandexa de baixada e xa está avisada a empresa e solucionaranos nos próximos días.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- A zona en disputa é unha zona de dominio público e ven sendo utilizada como aparcadoiro desde fai moitos anos.
- A ordenanza de furanchos non chegou a entrar en vigor porque na tamitación houbera algún cambio normativo.
- O sistema polo que se optou estase utilizando en varios pavillóns e funciona, concretamente foise a comprobar a un pavillón do Concello de Poio e o Concello de Vilagarcía estivo vendo o do Pavillón de Coirón porque está intersado en instalalo.
- O informe que se lle solicitou a Deputación Provincial foi o da valoración dos criterios subxetivos das ofertas presentadas polas empresas que participaron na licitación para a adxudicación da obra da praza pública da R/ Ponte Dena.
- RPT vaise facer una nova que inclúa os postos que están en proceso de estabilización

* Sr. Ásperez Montes:

- Por qué non se solicitou a subvención para a Escola de música.
- Contesta a Sra. alcaldesa que a persoa encargada desa subvención pasouselle o prazo.
- Por qué non se solicitou a do Ministerio de Transición Ecolóxica.
- Contesta a Sra. alcaldesa que o Concello solicitou unha similar a través da Deputación Provincial e non se acadou. Esta a que vostede se refire non a coñecemos.
- Por qué os propietarios lindantes coas fontes de Xil e Meaño se opuxeron a esas obras.
- Contesta a Sra. alcaldesa que as obras están en execución.
- Cal é a previsión para a apertura do pavillón de Xil
 - Esperamos que apoie a concentración de motos de Dena.
 - Camiño de Cortiñas, qué ancho vai levar.
 - En qué consiste a obra dos viarios de acceso a igrexa de Simes.
- O proxecto aínda non está rematado e contempla a humanización do entorno, a canalización dos servizos e a actuación en xeral chega a Besada.
- Porque de Simes considera que é un erro habelo empedrado e datalo de mesas de pedra, poden supoñer un perigo.
 - Os coros non van a participar no festival de panxoliñas que facían coa banda de música e estáselle a votar en cara que fagan fotocopias.
- Contesta a Sra. alcaldesa que ao igual que no 2003 decidiron participar agora deciden non participar.
- Cál foi o motivo da baixa na obra de sinalización turística? Pediuse subvención para o pintado dun lado e despois houbo que pagar tres mil euros máis para que fosen as dúas. Hai un reparo a esa decisión?

Rematadas as intervencións e ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vintecinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.

